

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 1 de setembro de 2016 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas para a matrícula nun máster universitario oficial, destinadas a titulados/as universitarios/as en situación de desemprego, para o curso 2016/17.*

BDNS (identif.): 316831.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

#### Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Personas desempregadas con titulación universitaria matriculadas no curso 2016/17 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia

#### Segundo. *Obxecto*

Convocar en réxime de concorrencia competitiva axudas destinadas a financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

#### Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conjuntamente coa convocatoria.

#### Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 200.000 €.

A contía da bolsa cubrirá o importe correspondente a 60 créditos de primeira matrícula do máster universitario segundo os prezos públicos establecidos no anexo do Decre-



to 80/2016, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2016/17 (DOG núm.131, do 12 de xullo).

Para os incluídos no punto 1.3 do anexo do decreto, a contía máxima asignada será de 1.788,6 € para os da epígrafe A) e de 1.215 € para os da epígrafe B).

Para os incluídos no punto 1.4 do anexo do decreto, a contía máxima asignada será de 1.881,6 € para os da epígrafe A) e de 1.296,6 € para os da epígrafe B).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

